



DONA MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Secretaria Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

C E R T I F I C O: Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno desta Excma. Corporación en data vinte e oito de novembro de dous mil dezasete, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:


PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DE TITULARIDADE DESTA DEPUTACIÓN.

Resultando que por acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada en 28 de xullo de 2009 foi aprobada a “Proposta sobre rectificación e comprobación do inventario xeral de bens e dereitos da Excma. Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES” na que se incluía o inventario das vías de titularidade desta Deputación. O correspondente catalogo coa denominación, lonxitude, datos de inicio e final das vías provinciais, así como o mapa de representación gráfica do trazado da rede viaria foron publicados na paxina web desta Deputación.

Nos artigos 16 a 24 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aprobou o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG) regúlanse diversos aspectos sobre titularidade das vías e os documentos de catálogo de estradas e inventario de travesías, así como o procedemento para a súa aprobación, modificación e actualización, establecéndose na súa disposición adicional primeira que as administracións titulares de redes de estradas aprobarán ou, no seu caso, actualizarán os seus respectivos catálogos de estradas no prazo de seis (6) meses desde a entrada en vigor de dito regulamento.

Tendo en conta que no Servizo de Vías e Obras véñense realizando permanentemente tarefas de actualización da información dispoñible sobre a rede viaria provincial que inclúen as variacións correspondentes a cambios de titularidade por incorporación ou cesión de vías aos Concellos, adaptación das denominacións á toponimia

Código Seguro de Verificación	IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Fecha y Hora	21/05/2019 14:33:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	MARIA ISABEL PEREZ SOILAN (ADMINISTRATIVO)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Página	1/3



oficial, actualización de datos de lonxitude por medición dixital sobre cartografía, e representación gráfica do trazado das vías sobre mapas oficiais que permitan a máis precisa identificación do percorrido do seu itinerario principal xunto cos seus ramais e variantes, información que se recolle nos adxuntos documentos de catálogo e Mapa de estradas provinciais.

Tendo en conta que o Catálogo de estradas provinciais de data outubro 2017 presenta diferenzas en relación co anterior documento recollido no inventario xeral de 2009 desta Deputación.

Por outra banda cabe sinalar que figuran no catálogo actual, como consecuencia da súa anterior inclusión no catálogo aprobado, determinadas vías a cuxa inclusión dificilmente se pode atopar unha xustificación técnica debido ao seu carácter urbano, ou que non están conectadas a unha malla de itinerario de estradas provinciais ou de rango superior, ou que carecen doutro soporte documental de antecedentes administrativos que a súa inclusión no inventario anterior, polo que se considera que debería procederse a unha revisión do catálogo histórico das vías provinciais con fixación dunhas condicións mínimas funcionais e construtivas que garantiran unha homoxeneidade de criterios para as vías que compoñen a rede viaria provincial, revisión que non se contén no catálogo adxunto sen prexuízo de que poida realizarse nunha posterior modificación ou con ocasión das actualizacións que deban realizarse con carácter periódico.

Entre as situacións carentes doutros antecedentes administrativos que a súa inclusión en anteriores aprobacións do inventario de bens provinciais pode mencionarse a LU-P-5006 “Ponte sobre o río Sil” de 232 m de lonxitude total, dos que 50 m corresponden ao termo municipal de Quiroga e 152 m ao termo de Ribas de Sil, e que conecta nun dos seus extremos coa vía autonómica LU-633 e noutro cunha vía municipal de Ribas de Sil.

Código Seguro de Verificación	IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Fecha y Hora	21/05/2019 14:33:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	MARIA ISABEL PEREZ SOILAN (ADMINISTRATIVO)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Página	2/3





Por todo elo, logo de ver os informes dos Servizos desta Deputación, así como o ditame favorable emitido por unanimidade na Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Aprobar a documentación correspondente ao Catálogo e Mapa das estradas provinciais para os efectos previstos no Regulamento Xeral de estradas de Galicia.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE,
P. D. Decreto nº 402/2017 de data 24-02-2017
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo: Pablo Rivera Capón

Código Seguro de Verificación	IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Fecha y Hora	21/05/2019 14:33:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	MARIA ISABEL PEREZ SOILAN (ADMINISTRATIVO)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TECR5YBH2JWWPYNODMIZHI4	Página	3/3

